

DECRETO DE ALCALDÍA.

Vista a Orden do 20 de decembro de 2019 pola que se *se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 (código de procedemento TR351)*

Vista a autorización da contratación anticipada dos traballadores para a realización da obra ou servizo anteriormente citado

Visto o informe de Intervención indicando que existe crédito adecuado e suficiente das partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola Consellería en situación de dispoñible no Capítulo I de gastos de Persoal do Orzamento Municipal Vixente.

Vista a acta do tribunal cualificador de data 26 de xuño de 2020, propondo a contratación dos tres candidatos que acadaron maior puntuación, vista a renuncia ao contrato de Roberto Barral Noya, procedese a contratación ao seguinte da lista, Pablo Pardellas Perez.

Con data 22/07/2020 D. Pablo Pardellas Perez presenta renuncia ao seu contrato de traballo.

Esta Alcaldía en base as competencias establecidas pola Lei 7/85 Reguladora de Bases do Réxime Local,

Resolve,

1.- Solicitar o Servizo Galego de Emprego, con carácter urxente dada a necesidade de ter o servizo debidamente atendido a maior brevidade posible, unha oferta de emprego para a selección de persoal na categoría de Socorrista, a través dun contrato de obra ou servizo determinado coas cláusulas de interese social, a xornada completa, e de duración ata o 31/08/2020.

2.- Aprobar os criterios de selección que constan no expediente.

3.- O tribunal de selección se aprobará por Resolución da Alcaldía, e estará composto por un/ha Presidente/a, un/ha Secretario/a e 3 vogais cos seus respectivos suplentes, podéndose nomear asesores.

4.- Dar traslado desta Resolución aos departamentos de Persoal, Intervención e Tesourería.

RECURSO.- Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

Ponteareas, documento asinado electrónicamente



CRITERIOS SELECCIÓN SOCORRISTA

Os candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego para a selección na categoría de socorrista deberá aportar a documentación relativa aos requisitos expostos neste escrito, así como toda aquela que consideren necesaria, co fin de poder valorar os méritos que aleguen.

Requisitos mínimo de admisión

1. Ter cumprido dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
2. Estar en posesión da titulación mínima da ESA, ou equivalente.
3. Os aspirantes deberán figurar inscritos como socorrista no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (Decreto 104/2012, do 16 de marzo, e Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo) na sección socorristas en espazos acuáticos naturais.
4. Criterios para a avaliación dos candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego:
 1. Experiencia profesional : (acreditarse a través de certificado de servizos prestados ou contrato acompañado de vida laboral ou calquera outro medio que acredite documentalmente). A puntuación máxima será de 4 puntos.
 - a. 0,20 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública, en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.
 - b. 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada, en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.
 2. Formación. A puntuación máxima será 4 puntos
 - a. Coñecemento da lingua Galega. A puntuación máxima deste apartado será de 1 punto
 - i. Pola posesión da certificación Oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega, Celga 1: 0,25 puntos
 - ii. Pola posesión da certificación Oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega, Celga 2: 0,50 puntos
 - iii. Pola posesión da certificación Oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega, Celga 3, ou realización do curso de iniciación da lingua galega homologada pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación dos mesmos: 0,75 puntos
 - iv. Pola posesión da certificación Oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega, Celga 4, ou realización do curso de iniciación da lingua



galega homologada pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación dos mesmos: 0,75 puntos

b. Formación Complementaria. A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos

Cursos e actividades relacionados con socorrismo acuático, natación, primeiros auxilios, animación ao tempo libre das Federación Española ou Galega de Natación ou outros organismos oficiais, a razón de:

- Cursos de 10 horas a 25 horas: 0,10 puntos
- Cursos de 26 horas a 50 horas: 0,15 puntos
- Cursos de 51 horas a 100 horas: 0,20 puntos
- Cursos de 101 horas ou mais:: 0,65 puntos

Puntuación por titulación académica:

Titulacións ou cursos	Puntos
Curso DESA en vigor	1
PNB, PER ou superior	1
Título TSAFDA	1
Título INEF	1
Curso Prevención de riscos laborais - mínimo 50 horas	1

No caso de que o aspirantes posúa dúas o mais titulacións académicas terase en conta a de maior nivel académico

3. Entrevista curricular.

- a. A devandita entrevista, versará sobre os méritos específicos adecuados ás características do posto. A puntuación máxima será de 2 puntos.

